

DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

23 DE FEBREIRO



**UNIDADE DIDÁCTICA
ED. INFANTIL**

ILUSTRACIONES: ALUMNADO DE 4º C CEIP EMILIA PARDO BAZÁN A CORUÑA

**CEIP ALBORADA
A CORUÑA**
**CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA
A CORUÑA**
**CEIP PLURILINGÜE SAN PEDRO DE VISMA
A CORUÑA**
**CEIP RAMÓN DE LA SAGRA
A CORUÑA**
**CEIP JUAN FERNÁNDEZ LATORRE
A CORUÑA**
**CEIP EMILIA PARDO BAZÁN
A CORUÑA**
**CEIP OTERO PEDRAYO
A LARACHA (A CORUÑA)**
**COLEXIO SAN PÍO X
OURENSE**



XUNTA
DE GALICIA



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



OLA, SON MOUCHO, AMIGO DUNHA GRAN POETA GALEGA, QUE NACEU O VINTE E TRES DE FEBREIRO DE 1837.

CADA ANO NESTA DATA, A DO SEU ANIVERSARIO, CELEBRAMOS O SEU DÍA: O DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO.

QUEREDES SABER COUSAS DA VIDA DA MIÑA AMIGA?

ASILAOR ED SCOART

SEGUE AS LIÑAS E COMPLETA O NOME DA POETA.



POIS SÍ, O VINTE E TRES DE FEBREIRO IMOS CELEBRAR UNHA HOMENAXE Á MIÑA AMIGA ROSALÍA. QUERES SABER COMO LLE CHAMAMOS A ESE DÍA?

D **I** **D** **E**

R **O** **S** **L** **I**


D **C** **S** **T** **R** **O**

A
A
E
A
A

RECORTA AS LETRAS E COLÓCAAS ONDE LLE CORRESPONDA.





ROSALÍA DE CASTRO VIVIU OS PRIMEIROS ANOS DA SÚA VIDA EN ORTOÑO E PADRÓN, PERO CANDO FOI UN POUCO MAIOR MARCHOU COA SÚA NAI A VIVIR A SANTIAGO.



MARCA O CAMIÑO QUE SEGUIRON ROSALÍA E A SÚA NAI PARA CHEGAR ATA SANTIAGO.



EN SANTIAGO COÑECEU MOITOS AMIGOS QUE SE XUNTABAN NO LICEO DA XUVENTUDE QUE LLE ENSINARON A AMAR A LINGUA GALEGA. QUERES SABER COMO ERA ROSALÍA?



RECORTA E COMPÓN O CREBACABEZAS DE ROSALÍA.



O PRIMEIRO LIBRO QUE ESCRIBIU ROSALÍA FOI UN DE POEMAS, *LA FLOR*, QUE ESTABA EDITADO EN MADRID E ESCRITO EN CASTELÁN.



DEBUXA E COLOREA A PORTADA DO PRIMEIRO LIBRO DE POEMAS ESCRITO POR ROSALÍA.



AOS VINTE E UN ANOS CASOU CON MANUEL MURGUÍA E POLO SEU TRABALLO TIVERON QUE PERCORRER MOITOS LUGARES: MADRID, A CORUÑA, LUGO, SIMANCAS, SANTIAGO, ALICANTE... E FINALMENTE QUEDARON A VIVIR EN PADRÓN, NA PROVINCIA DA CORUÑA.



COLOREA ESTAS CARICATURAS QUE FIXO DAVID PINTOR DE MANUEL E ROSALÍA.




ROSALÍA PUBLICOU MÁIS LIBROS DE POESÍA. UN DELES, **CANTARES GALLEGOS**, PUBLICADO NUNHA IMPRENTA DE VIGO, FOI O PRIMEIRO LIBRO EDITADO EN GALEGO, NUNHA ÉPOCA NA QUE NON SE PUBLICABA NADA DE NADA NO NOSO IDIOMA.



CASTELÁN

GALEGO



MARCA O CAMIÑO QUE INDICA EN QUE IDIOMA ESTÁ ESCRITO CADA LIBRO E COLOREA AS PORTADAS.



OUTRO LIBRO DE POEMAS QUE ESCRIBIU ROSALÍA FOI **FOLLAS NOVAS**, TAMÉN EN GALEGO. NESTE LIBRO, PUBLICADO NA HABANA, ROSALÍA FÁLANOS DOS PROBLEMAS DA EMIGRACIÓN E DA MORRIÑA DOS EMI-GRANTES.



LOCALIZA E ARRODEA NESTE REBUMBIO OS CINCO EXEMPLARES DE FOLLAS NOVAS.



PARA LEMBRAR A EDICIÓN DE **CANTARES GALLEGOS** E A DEFENSA QUE DO NOSO IDIOMA FIXO ROSALÍA TAMÉN CELEBRAMOS, CADA DEZASE-TE DE MAIO, O DÍA DAS LETRAS GALEGAS. VAITES, CON ROSALÍA!

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 17 DE MAIO




COLOREA ESTE CARTEL DE LUÍS DAVILA RELACIONADO COAS LETRAS GALEGAS.



NO SEU LIBRO **CANTARES GALLEGOS**, ROSALÍA TEN UN POEMA NO QUE APAREZO EU, MOUCHO. QUERES COÑECER UNS VERSOS DESTE POEMA? SERÁS QUEN DE APRENDELOS DE MEMORIA?


EU BEN VIN ESTAR O MOUCHO
ENRIBA DAQUEL PENEDO:
NON CHE TEÑO MEDO, MOUCHO,
MOUCHO NON CHE TEÑO MEDO!







COLOREA O MOUCHO E APRENDE ESTES VERSOS.



POIS XA QUE SABES OS VERSOS DO MOUCHO TAN BEN, PODERÍAS COMPLETALOS USANDO AS PALABRAS DA PARTE INFERIOR?
SO TÉS QUE RECORTAR E PEGAR ONDE LLE CORRESPONDA.



EU  VIN ESTAR O MOUCHO
ENRIBA DAQUEL 
NON CHE TEÑO  MOUCHO,
 NON CHE TEÑO MEDO!



PENEDO: MOUCHO BEN MEDO,

RECORTA E COLOCA CADA PALABRA ONDE LLE CORRESPONDA.



O CORPO DAS AVES TEN VARIAS PARTES: O PETEIRO, A COLA, AS ÁS, AS PATAS, O PEITO, OS OLLOS... SABERÍAS COMPLETAR O NOME DE CADA UNHA DELAS ONDE LLE CORRESPONDE?

L **L** **S**

' **S**

C **L**



P **T** **R**

P **T**


P **T** **S**


OLLOS **ÁS** **COLA**
PETEIRO **PEITO** **PATAS**


RECORTA E COLOCA CADA PALABRA ONDE LLE CORRESPONDA. COLOREA.





A NOSA ALIMENTACIÓN É BASTANTE VARIADA. O QUE MÁIS NOS SABE SON AS SEMENTES, AS MIÑOCAS E OS INSECTOS. PODERÍAS CONTAR OS ANIMAIS QUE HAI DE CADA TIPO?



<input type="text"/>	
----------------------	---

<input type="text"/>	
----------------------	---



<input type="text"/>	
----------------------	---

<input type="text"/>	
----------------------	---

CONTA O NÚMERO DE ANIMAIS DE CADA TIPO, ESCRIBE O SEU NÚMERO E COLOREA.



AS AVES SOMOS ALGO PARECIDAS, PERO IGUAIS, IGUAIS NON SOMOS. PODERÍAS LOCALIZAR AS CINCO DIFERENZAS QUE HAI ENTRE ESTES DOUS MOUCHOS AMIGOS MEUS?




LOCALIZA AS DIFERENZAS E COLOREA OS DOUS MOUCHOS.



SERÁS QUEN DE LOCALIZAR NESTA SOPA DE LETRAS O NOME DE TRES ANIMAIS QUE A ALGUNHA XENTE LLE DAN MOITO, MOITO MEDO? ESTES ANIMAIS SON A ARAÑA, O LEÓN E A SERPE.

A	R	A	Ñ	A	T	P
M	H	X	L	E	O	N
Q	S	E	R	P	E	G



LOCALIZA E COLOREA NA SOPA DE LETRAS OS NOMES DOS TRES ANIMAIS QUE DAN MEDO.



XA VES QUE HAI ANIMAIS QUE LLE DAN MEDO A ALGUNHA XENTE. OUTROS ANIMAIS EN CAMBIO SON MOI QUERIDOS: OS CANS, OS GATOS, OS PEIXES, OS PAXAROS...




CAL É O TEU ANIMAL PREFERIDO? DEBÚXAO E COLORÉAO.

O M E U A N I M A L P R E F E R I D O

DEBUXA E COLOREA O TEU ANIMAL PREFERIDO.





IMOS VER SE TE LEMBRAS DO POEMA DE ROSALÍA.
ENRIBA DE QUE COUSA ESTABA COLOCADO O MOUCHO?
ENRIBA DUNHA ESCALEIRA, DUN PENEDO OU DUNHA ÁRBORE?



LOCALIZA E COLOREA A COUSA NA QUE ESTABA ENRIBA O MOUCHO.



OS MOUCHOS SOMOS UNHAS AVES QUE TEMOS O CORPO CUBERTO DE PLUMAS, SABEMOS VOAR, COMEMOS INSECTOS E POÑEMOS OVOS E DESES OVOS SAEN OS NOSOS FILLOS, OS PITIÑOS. SABERÍAS ORDENAR ESTAS TRES ETAPAS DA VIDA DAS AVES?




COPIA CADA DEBUXO ONDE LLE CORRESPONDA E COLOREA.



E XA PARA REMATAR IMOS FACER UN MARCAPÁXINAS DA MIÑA AMIGA ROSALÍA PARA AGASALLAR CON EL A MAMÁ, A PAPÁ, AOS AVÓS E AS AVOAS,... A QUEN TI QUEIRAS E TAMÉN PARA LEMBRAR QUE O DÍA VINTE E TRES DE FEBREIRO É O DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO.

ROSALÍA DE CASTRO
 (SANTIAGO, 1837 - PADRÓN, 1885)
 ESCRITORA E POETISA GALEGA.
 AUTORA DE CANTARES GALEGOS.



CARICATURA DE A. PALLA



DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO
23 DE FEBREIRO

COLOREA E MONTA O MARCAPÁXINAS.